

**VESTIR A TOGA OU CALZAR OS  
ZOCOS. DEBATES SOBRE O GALEGO  
CULTO NOS ANOS CINCUENTA**

**Henrique Monteagudo**

**Instituto da Lingua Galega,  
Universidade de Santiago de Compostela**

DOI: [10.17075/fmfhv.2021.002](https://doi.org/10.17075/fmfhv.2021.002)



O escrito de Aquilino Iglesia Alvariño sobre a historia do galego dificilmente se poderá entender de xeito cabal fóra do contexto en que se produciu. Un contexto de extrema precariedade, tanto no desenvolvemento dos estudos de lingüística e filoloxía galegas, carentes dunha tradición minimamente sólida e de todo apoio institucional, canto de enormes dificultades para o seu cultivo literario e, por tanto, de estancamento —ou retroceso— da súa evolución como lingua de cultura. Nos inicios da década de 1950 aínda estaban moi vivas as secuelas do levantamento golpista de 1936, coas súas funestas consecuencias para a cultura galega, e a ditadura franquista a penas afrouxara na súa política de represión de toda disidencia e de intolerancia cara a calquera manifestación pública das linguas nacionais da periferia. Naquelas condicións imposibles comezaron a abrollar, paseniñamente, modestas iniciativas cara á revitalización do exangüe discurso literario en galego, tales como as editoriais *Bibliófilos Gallegos* e *Galaxia*.

Daquela, no marco das extraordinarias limitacións impostas pola censura, a deliberación pública sobre o galego tiña que se cinguir, obrigatoriamente, a aspectos que o réxime contemplase como escasamente problemáticos. Entre estes, un dos poucos que puido saír á luz foi o relacionado co modelo de lingua literaria. Neste expresáronse os problemas que tiñan que confrontar os seus escasos, ousados, heroicos cultivadores. Un dos máis sobranceiros foi o poeta Aquilino Iglesia Alvariño. O seu poemario *Cómaros verdes*, vindo a lume en 1947, significou o sinal dun recomezar, un novo punto de partida para o discurso poético en galego naqueles tempos da posguerra. Ao fío da publicación desta obra, un vello amigo de Iglesia Alvariño, Ricardo Carballo Calero, inauguraba pouco despois —o tempo corría amodiño naquela Galicia aferrollada polo franquismo— a reflexión sobre os dilemas que confrontaba naquela altura o escritor en galego. Facíao no diario compostelán *La Noche*, o único que naqueles tempos escuros deu voz a estas estrañas inquedanzas.

Prudentemente camuflado tralo pseudónimo de Fernando de Cadaval, no artigo titulado «Una lengua viva», estampado en 1949, Carballo consideraba que o poeta galego tiña ante si dúas opcións que expresaba nos seguintes termos a) empregar un galego correcto desde o punto de vista da gramática histórica, é dicir, un galego erudito, académico; ou b) utilizar a lingua viva do país, é dicir, un galego popular e dialectal. Perante este dilema, a opción que postula é clara: «cómpre que a lingua poética afunda as súas raíces na lingua viva», aínda que «ata onde debe chegar a depuración desta, é cuestión de tacto». Precisamente o exemplo que pon do rumbo que debe adoptar a lingua literaria é o poemario de Iglesia Alvariño (Cadaval 1949). O intelectual ferrolán, que entón comezaba a saír do seu forzado ostracismo, continuaría tecendo a súa reflexión nun artigo posterior no mesmo xornal, titulado «Lengua dialectal y lengua común» (Cadaval 1950), unha recensión do volume *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* (Buenos Aires, 1949), de Plácido R. Castro, Lois Tobío e Florencio Delgado Gurriarán. O articulista distingue agora entre os escritores «que se nutren da fala do seu tempo e lugar» e os que «brincan por riba das barreiras de lugar e tempo, esforzándose por crear un instrumento literario mediante a harmónica combinación de toda clase de elementos, con tal de que sexan autenticamente galegos» (Cadaval 1950).

El decantábase claramente por esta segunda orientación, xa que, na súa opinión, «el cantonalismo literario, con todo su atractivo familiar, está naturalmente encerrado en sus propios y estrechos límites. No puede sostenerse cuando se intenta una empresa de más altos vuelos». Concordaba, pois, coa opción escollida polos tradutores da *Poesía inglesa e francesa*, que, conforme destacaba con aprobación, forxaran un rexistro culto «mediante un xeneroso emprego de formas de distintas procedencias, combinadas con audaces e necesarios xiros novos e adaptacións de vellos vocábulos a matices mentais inéditos en galego». Deste xeito, consideraba que con esta obra se dera un paso importante «para a transformación do galego nun instrumento de aptitude literaria total» (Cadaval 1950).

Nestes dous artigos de Carballo expóñense branco sobre negro as distintas opcións que se presentaban aos cultivadores do galego naquel momento, os diversos ideais de lingua culta e as diferentes estratexias de conformación do rexistro literario, que se confrontarían non moito máis tarde, cando a convocaría do premio de tradución realizada pola editorial Bibliófilos Gallegos.

## O PREMIO DE TRADUCCIÓN DE BIBLIÓFILOS GALLEGOS (1951)

Nunha carta datada a 7 de abril de 1948, Xosé Filgueira Valverde escribíalle a Ramón Otero Pedrayo: «O Sarmento vai editar en galego pro quere escomenzar e adicar todo o que se teña ás versións dos clásicos. Aquilino entregou un Horacio xurdio» (Filgueira / Otero Pedrayo 2009: 179). O «Sarmento» era o Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos (IPSEG), fundado en 1943 por un grupo de intelectuais afectos ao franquismo, entre os cales salientaban os pontevedreses Francisco Javier Sánchez Cantón e Xosé Filgueira Valverde, como substituto do Seminario de Estudos Galegos (SEG), clausurado polos golpistas ao inicio da Guerra Civil. No mesmo ano en que está datada esa carta, 1948, F. J. Sánchez Cantón e X. F. Filgueira encabezaban o grupo promotor da editorial Bibliófilos Gallegos, que se fundaría en Compostela en 1949.

Co duplo obxectivo de animar a vida literaria do país e de arrequeantar o seu propio catálogo, Bibliófilos Gallegos decidiu convocar dous premios: a comezos de 1949 anunciábase un concurso de novela e nos inicios de 1950 outro de tradución. Ao primeiro presentáronse vinte obras, pero só unha delas estaba redactada en galego: *A xente da Barreira*, de Ricardo Carballo Calero, que foi a galardoada e que sería a primeira novela escrita en galego que se publicaba na Galicia baixo a bota de Franco (Fernández del Riego 1990: 200-201; Dasilva 2020). Pero aquí interesa máis deterse no premio de tradución, convocado en xaneiro de 1950 para «la traducción completa al gallego de una obra maestra de la literatura universal, excluyendo las literaturas peninsulares». Un dos que sería membro do xurado deste concurso, o helenista Manuel Rabanal, catedrático de grego no Instituto Xelmírez de Santiago, felicitábase en *La Noche* pola iniciativa, lembrando a importancia que tiveran as traducións na antigüidade: «traduciendo griego es como se amasó, se irguió, y se consumó en perfección el latín elegante, que mereció el dictado de clásico (...). Traduzcamos, traduzcamos al gallego lo mejor de las literaturas consagradas. ¡Quién sabe si detrás de estas versiones no está la madurez de la lengua!» («Nebulosa», *La Noche*, 2/II/1950 e 4/II/1950).

Ao premio de Bibliófilos Gallegos presentáronse unicamente tres obras, pero a discusión centrouse en dúas: o *Cancioeiro da poesía céltiga* de Julius Pokorny, presentada por Ramón Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega, e o «xurdio

Horacio» a que Filgueira se refería na carta a Pedrayo que antes citamos. A primeira vista a competencia era moi desigual, con grande vantaxe para o latinista, non só por ser moito máis coñecido nos ambientes culturais grazas á súa importante carreira poética, que viña xa de antes da guerra e que fora recoñecida co seu recente ingreso na Real Academia Galega (1949), senón tamén polo seu status profesional como catedrático de latín nun instituto de bacharelato. Aquilino Iglesia Alvariño (1909-1961), militante galeguista antes de 1936, publicara dous poemarios en galego —*Corazón ao vento*, 1933; e *Cómaros verdes*, 1947, antes citado— e un feixe de traducións do latín; ademais, levaba feitos estudos de lingua e estilo de varios poetas —por caso, o seu discurso de ingreso na RAG versaba sobre *A lingua dos poetas do Norte de Lugo*— e desenvolvía un intenso traballo de recolla do léxico galego, tanto popular como literario, con vistas á elaboración dun dicionario (Dasilva 2008 e 2010). Alén diso, semellaría que unha obra clásica da lírica latina sería preferida fronte a unha ignota antoloxía de poesía céltica.

Descoñecemos os termos en que se produciu o debate do xurado, pero o premio foi, inesperadamente, para o *Cancioeiro da poesía céltica*. Na acta de concesión asegúrase que houbo unha discusión demorada dos textos presentados, e tendo en conta o rigor profesional do presidente do xurado é plausible que fose así (Alonso Montero 2001: 23-25). Ademais doutras consideracións que amentaremos máis adiante, semella claro que un elemento decisivo foron os diferentes criterios lingüísticos seguidos nunha e noutra tradución. Precisamente por isto, a cuestión resulta especialmente interesante para o noso asunto.

## O IDEAL DE LINGUA DE IGLESIA ALVARIÑO NA TRADUCIÓN DOS *CARMINA* DE HORACIO

Curiosamente, a tradución de Horacio foi publicada antes ca a de Pokorny: veu a lume en 1951, editada co selo do Instituto Padre Sarmiento. No prólogo desta obra, Iglesia Alvariño declara que o seu propósito, ao «desvestir a Horacio da súa vella toga airosa para levalo polas nosas corredoiras», fora arrequentar o galego poético e marcarlle un novo roteiro. Así, asegura, «fuxín por un igual das feitura literarias anovadas e das xa mortas da nosa tradición, botando mau das do falar

de cada día e acollendo, como era o meu intento, unha boa millarada de voces e retorneos que non foran encetados» (1951: X-XI). É que, na súa opinión, a fonte máis abundante en que debía beber a elaboración do galego literario era o idioma popular: «non hai outro galego a que acudir, pra facer unha lingua literaria, que o que falan as xentes dos nosos campos e ribeiras». Tamén recoñecía que isto implicaba acoller algúns castelanismos: «Nos casos en que a lingua oficial varreu a forma orixinaria, tiven que decidirme entre a histórica, morta, ou a viva, de Castela, e preferín a derradeira nos máis dos casos» (*idem*: XI).

Por tanto, a elaboración da lingua literaria consistiría máis ben na rebusca do vocabulario patrimonial, na procura das voces e locucións máis enxebres, ca non na selección das formas xenuínas máis aptas ou xerais ou na depuración dos castelanismos. Isto implicaba, ademais, renunciar á aspiración de forxar unha variedade común supradialectal. Dentro das variedades dialectais do galego, Alvariño tiña estudado a fondo as da súa Terra Chá natal, de tipo centro-oriental, que coñecía desde dentro, e deulles absoluta prioridade, «por ser as do meu falar, porque quizabes teñan máis extensión que as da Occidental, inda que señan menos conocidas, e porque non é doado escoller cando non hai un módulo literario que se impoña con forza» (*idem*: XII). A partir destes presupostos, o resultado ao que chegou foi contradictorio: conseguiu un espléndido texto literario, tal como salientou o xurado do premio ao subliñar os seus «excepcionais méritos» e como veñen recoñecendo os críticos que se teñen achegado a el; pero a versión resulta excelente en boa medida *a pesar do* afán experimental do tradutor e non *grazas a* este, xa que os enxertos de léxico local que inzan no texto resultan, en bastantes ocasións, contraproducentes.

En realidade, o seu galego poético non está tan lonxe do galego literario contemporáneo, nin sequera nos seus artificios e as súas falsas solucións, e o certo é que uns e outras aparecen en proporcións relativamente moderadas na súa obra. Ao contrario, está fundamente radicado nel, e neste sentido pode dicirse que parte da mesma base ca a tradución da antoloxía de Pokorny, punto este sinalado acertadamente por Carballo, como veremos. Por outra parte, contra a crítica que se lle ten dirixido, os castelanismos non abundan no texto, incluso son máis ben raros. No fondo, o experimento consistiu máis ben en enxertar no rexistro poético galego do seu tempo algúns vocábulos de claro sabor patrimonial. O problema é que algúns destes están tinguidos de connotacións que resultaban

disonantes nun discurso literario de ton elevado e que con frecuencia atinxe un nivel de tensión estética verdadeiramente sublime. En ocasións, estes enxertos producen a impresión de incrustacións violentas, de interferencias rechamantes do *sermo vulgaris* que renxen no *sermo illustris*, que desconcertan o lector ao crebren a atmosfera solemne e requintada dos versos horacianos.

Sirvan un par de exemplos. Nun paso da tradución lese: «Cando tamén a min un outo amor andaba / pra me *face-las beiras*, / con *rancallo* ben doce me fixo *afuciñare*». A expresión coloquial *face-las beiras* podería ser máis ou menos tolerable nese contexto, pero as voces *rancallo* e *afuciñare* rabuñan. A primeira é un localismo indescifrable para a inmensa maioría dos lectores, pero case é mellor, porque de ser coñecida evocaría, segundo a definición que se ofrece no vocabulario final que o autor engadiu á obra, un «tarugo hecho de paja y sujeto a una pata que impide a las gallinas ciertos movimientos» (Alvariño 1951: 193-194). Por outra banda, *afuciñar* soa a *fuciños*, palabra que a moitas persoas evocará o mundo porcino. Outro exemplo máis: «Xove, ô trobar cremos que é rei dos ceos / E será Augusto un deus moi avogoso / cando *acadegue* ben *acadegados* / os Britanos ô Imperio e os duros Persas». O localismo *acadegar* é opaco, para decodificalo hai que acudir ao vocabulario que o autor puxo ao final do libro, e o esclarecemento tampouco convida a aprobar o seu uso: «sujetar el toro al yugo con una correa, *cádiga*, que pasa por debajo del pescuezo» (*idem*: 165).

Este tipo de escollas léxicas deberon disgustar ao xurado do premio. Así, conforme Dasilva, o presidente do xurado «non aceptou, xunto con outros compositores do xurado, a caste de galego empregada, ao entender que constituía un sacrilexio rebaixar a elegancia das odas horacianas a un rexistro tan rústico». Para o latinista Moralejo sería unha cuestión de decoro literario: «era inadmisibile, por absolutamente incongruente, que o poeta venusino se expresase como un labrego». O parecer de Alonso Montero vai na mesma liña: «a poesía de Horacio, tan culta, tan urbana, era ofrecida nun galego que ruralizaba en exceso (...) isto, tan intencionado no tradutor, tivo que parecerlle unha eiva grave a don Abelardo Moralejo» (2001: 24).

Pola contra, na súa recensión ás dúas obras que se mediran no certame, publicada co título «Celtas e Románs cantan en galego» na revista *Galicia*, do Centro Galego de Buenos Aires (nº 466), Ricardo Carballo aproba sen reservas



o experimento levado a cabo polo tradutor. O crítico faise eco do propósito que Alvariño expresara no prólogo do libro, ao celebrar que agarrou «a Horacio pola toga e o trouxo a patuxar polos nosos lameiros prestándolle os seus propios e rexos zocos», e aplaude: «iste é o Horacio que cabe ser en galego, o Horacio que pode interesar a Galicia. Conserva a toga, pero calza zocos» (Carballo 1952: 26). Por outra banda, non deixa de observar que os criterios de Alvariño e os dos tradutores do Cancioneiro de Pokorny non eran tan distantes, e profetiza que «os *Carmina* e o *Cancioneiro* están chamados a deixar un profundo calco na historia da nosa literatura e a influír resoltamente na evolución do galego literario» (*idem*: 27).

No mesmo número da devandita revista publícase unha colaboración do filólogo portugués Rodrigues Lapa. Este tamén valora moi positivamente a tradución de Alvariño, como «uma experiência de alto valor filológico», que «se reveste de alta significação». Na opinión de Lapa, «a experiência de Iglesia Alvariño, simultânea do ensaio filosófico de Ramón Piñeiro sobre a metafísica da saudade [*na Colección Grial*], parece dizer-nos que o galego é capaz de traducir —e aínda estamos em princípio— todo e qualquer pensamento, aínda o mais subtil, toda e qualquer emoción, aínda a mais recôndita. Só falta afinar o instrumento e actualizar a música, e isso é relativamente fácil» (Lapa 1952: 19).

Pola contra, na recensión de Ferreiro Quintela publicada no último número dos *Cadernos Grial*, exprésase unha opinión máis matizada (Quintela Ferreiro 1952: 80-81). En principio, pondérase a dificultade de traducir a Horacio ao galego, tendo en conta as connotacións que esta lingua esperta automaticamente nos lectores («sin quererlo, nuestra sensibilidad relaciona el gallego con el campo y sus habitantes»). Mais, o que sorprende, segundo o crítico, é que «a veces el vocabulario y las expresiones parecen indicar que esto fue pretensión consciente del traductor». En conclusión, salientáanse os abundantes acertos, algúns magníficos, pero lamentábase que no resultado global «acaso el exquisito y refinado Horatius, quintaesencia del espíritu urbano, resulte harto rústico y pueblerino».

## A «HISTORIA DO GALEGO», DE ANÍBAL OTERO A IGLESIA ALVARÍO. POR QUE FOI REXEITADA?

Un dos proxectos editoriais máis ambiciosos dos promovidos pola diáspora galega na Arxentina foi a publicación dunha *Historia de Galiza*, financiada por Manuel Puente e dirixida por Ramón Otero Pedrayo, en que se pretendía que colaborasen os mellores eruditos galegos daquel tempo. O proxecto foi lanzado co gallo da primeira visita de Otero Pedrayo á capital porteña en 1947, co obxectivo de «dar cima a aquel vello proxecto do Seminario de Estudos Galegos de contar cunha publicación na que se dese conta de toda a fartura investigadora que, no ámbito da historia de Galicia, fixeran a “xeración Nós” e os novos do Seminario» (Villares 2007: 281). A obra foi tomando corpo ao longo da década dos cincuenta e viría a lume en tres grosos tomos, na capital porteña, en 1962 (os dous primeiros) e 1973 (o terceiro).

O director da *Historia de Galiza* pensaba que a obra debía iniciarse con tres traballos introdutorios: xeografía, etnografía e lingua. Da primeira encargaríase el mesmo, a segunda encomendaríase a Vicente Risco, pero quen podería afrontar esta expedición naquel dominio practicamente deserto da filoloxía galega? Probablemente por suxestión de Ramón Piñeiro, a primeira persoa en que se pensou foi Aníbal Otero, quen, a pesar de vivir afastado na Ribeira de Piquín desde a súa excarceración en 1941, seguía sendo o único filólogo galego con certa formación científica e experiencia investigadora sobre o terreo. A el se dirixiu Otero Pedrayo en outubro de 1950 solicitando a súa colaboración (Alonso Montero 2011: 278-282). Na carta de convite exponlle as liñas mestras do proxecto e explícalle que o primeiro volume, de 800 a 1000 páxinas, debe conter, ademais dos capítulos de xeografía, etnografía e folclore e prehistoria, «un resumen histórico de la lengua gallega, con una extensión material de 80 o 100 páginas».

Pero Aníbal Otero rexeitou o ofrecemento, aducindo que carecía da preparación necesaria, pois só tiña investigado no galego actual «pero nunca tuve en mis manos un documento». E engade: «Sin medios de investigación y lejos de toda biblioteca, yo lo único que puedo hacer es lo que hago: “traballar os meus leiríños”; no colaborar en empresas científicas de la categoría de la emprendida por usted» (*idem*: 281). Á vista desta resposta, Pedrayo solicitou a colaboración de

Iglesia Alvariño, que aceptou o encargo e cumpriu o mandado con notable dilixencia. Porén, o ton descritivo, aséptico, sen concesións á retórica galeguista, da achega, desagradou profundamente aos patrocinadores da *Historia* ata tal punto que foi rexeitado. A carta en que Manuel Puente lle comunica a Otero Pedrayo a súa decisión de rexeitar o traballo é moi elocuente do contraste entre a «quente» visión da lingua dos galeguistas e a frialdade da perspectiva obxectivante adoptada polo autor. Segundo o mecenas que financiaba a obra, aquel escrito produciu unha «magoante impresión», non polo aspecto científico-técnico, senón polo «esprito *derrotista* ou de subestimación da nosa lingua» [*énfase no orixinal*] que os promotores da empresa percibiron no texto.

Segundo afirma nesta carta, para asegurar o seu criterio, Puente solicitara un informe dos «amigos patriotas», que coincidiran con el en apreciar a falla de «quentura patriótica» do traballo, o cal «deixa no lector unha idea da probeza da nosa lingua e de non ser preciso o conservala por estar superada con amplitude pola lingua castelán». O mecenas declara que o que movera a apadriñar a historia fora «unha acendida paixón patriótica galega», e que por tanto lle asistía o dereito de procurar traballos coa mesma paixón «até onde a verdade histórica e a seriedade e altura da obra o consintan» (Alonso Montero 1995: 227-229). O adxectivo *patriótico* reitérase arreo na carta e subliña o argumento principal para refugar aquel contributo: a empresa tiña esencialmente este carácter, do que, ao seu parecer, carecía o texto de Alvariño. Os promotores da *Historia* agardaban un escrito apoloxético, non un tratado de lexicografía.

Aínda para máis, os autores do informe estaban imbuídos da actitude hiperdiferencialista que latexaba nas operacións de deformación do léxico galego causantes da extravagante desfiguración da escrita galega da época. Así, Manuel Puente tamén denuncia a abundancia de castelanismos no texto de Alvariño, uns reais (*castellana, gallego*), outros supostos, pois tratábase simplemente de palabras galegas coincidentes co castelán: coma tal, *palabra* é condenada porque debe empregarse *verba* ou *parola*; *poderosa* debera ser substituída por *podente*, e *delicado* por *dondo* (Alonso Montero 1995: 139).

Independentemente da opinión que mereza o rexeitamento do seu traballo por parte dos promotores da *Historia de Galiza*, o certo é que o criterio de Alvariño, condicente co seu ideal lingüístico, resultaba limitativo das posibilidades de expansión funcional do galego. Alonso Montero caracterizou este ideal do

seguinte xeito: «Su lengua (...) es un gallego popular, un sabroso gallego por él aprendido —y vivido— en las mejores comarcas de nuestra geografía». Secasí, sinala o profesor, «no forjó una lengua del todo asequible al lector», ben que «esto se debe a algo no sospechoso de artificio, como el comarcalismo, realmente abundante en su léxico». Coa mención ao «artificio», Alonso seguramente estaba pensando en que, como el mesmo afirma, nas súas traducións Alvariño «quiso huir de todo lo que no fuese intensamente vivo, como el medievalismo, el falso popularismo y algunos otros rasgos que tanto insinceran el gallego literario del siglo XX» (*apud* Dasilva 2008: 281-282).

Pero o modelo idiomático dialectal polo que el optaba era necesariamente solidario dunha perspectiva localista e implicaba a renuncia á aspiración de erguer o galego a lingua moderna. Ricardo Carballo, que tratou moi de preto ao poeta, expono certeira nunha necrolóxica publicada en 1961, cando asegura que «a súa aspiración idiomática era reproducir con esactitude, aínda que con escolma, a lingua viva realmente falada polo pobo e non esquillar e depurar esta lingua para voltarlle a plenitude da súa espresividade totalitaria». É que, como explica, o poeta da Terra Chá «concedía menos que a xeneralidade dos seus contemporáneos á alta empresa da restauración da lingua», pois, «namorado do ser real dela» era «menos entusiasta dunha ideal resurrección». Consecuentemente, segundo Carballo, o poeta mostrara «un mediocre interés pola prosa», e, sobre todo, «contemplaba con escéptica frialdade os ensaios de prosa didáctica galega, que forzosamente tiñan que se orientar cara a un galego común, cheo de neoloxismos (Carballo 1982: 259; véxase tamén Carballo 1981: 747-748). Mais desde os tempos do Seminario de Estudos Galegos e da revista *Nós*, os ventos da historia sobaban para o galego precisamente nesa dirección, como souberon ver os promotores da Editorial Galaxia.

Ao devolverlle o traballo, Manuel Puente pregaba a Otero Pedrayo que lle solicitase a Alvariño que o refixese, e probablemente Pedrayo fíxoo. De feito, incluíu o seu nome na nómina de colaboradores que estampou no prólogo do primeiro volume. Non obstante, que se saiba, a achega non foi refeita, e debe ser por iso que non foi incluída en ningúns dos tres volumes da *Historia da Galiza* que foron ao prelo. Por iso cómpre celebrar que veña finalmente a lume.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO MONTERO, Xesús (1995): *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante*, Santiago, Xunta de Galicia.
- ALONSO MONTERO, Xesús (2001): «A tradución galega, por Aquilino Iglesia Alvariño, das *Odas* de Horario (1951): Problemas no contexto e no texto», en Adolfo L. Soto Vázquez (ed.), *Insights into Translation*, A Coruña, Universidade da Coruña, vol. III, 21-29.
- ALONSO MONTERO, Xesús (2011): *Antibal Otero. Lingüística e política en España na Guerra Civil e no franquismo*, Vigo, Xerais.
- CADAVAL, Fernando [Ricardo Carballo Calero] (1949): «Una lengua viva», *La Noche*, 22/09/1949.
- CADAVAL, Fernando (1950): «Lengua dialectal y lengua común», *La Noche*, 21/01/1950.
- CARBALLO CALERO, Ricardo (1952): «Celtas e Románs Cantan en Galego», *Galicia* (Centro Gallego de Buenos Aires), nº 466 (xullo), 25-27.
- CARBALLO CALERO, Ricardo (1981<sup>3</sup>): *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Vigo, Galaxia.
- CARBALLO CALERO, Ricardo (1982): «Epitafio para Aquilino», en *Libros e autores galegos*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, vol. 2, 257-260.
- DASILVA, Xosé Manuel (2008): «A cuestión é non matar as palabras... (Sobre as traizóns de Aquilino Iglesia Alvario como traduttore)», en *O alleo é noso. Contribucións para a historia da tradución en Galicia*, Noia, Toxosoutos, 265-303.
- DASILVA, Xosé Manuel (2010): «Ramón Piñeiro e o *Cancioeiro* de Pokorny. Anatomía dun certame de tradución», *Grial*, 185, 110-123.
- DASILVA, Xosé Manuel (2020): «*A xente da Barreira* en versión clásica», *Grial*, 225-226, 92-94.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1990): *O río do tempo. Unha historia vivida*, Sada, Edicións do Castro.
- FILGUEIRA VALVERDE, Xosé / Ramón OTERO PEDRAYO (2009): *Epistolario*, Pontevedra, Museo de Pontevedra / Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales.
- IGLESIA ALVARIÑO, Aquilino (1951): *Quinto Horacio Flaco. Carmina*, Santiago de Compostela, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos.
- LAPA, Manuel Rodríguez (1952): «A obra mais urgente da galeguidade: o Dicionario da Lingua», *Galicia* (Centro Gallego de Buenos Aires), 25/07/1952, 17-19.
- QUINTELA FERREIRO, Luís (1952): «Una traducción de Horario», *Colección Grial*, 4, 80-82.
- VILLARES, Ramón: (2007): «Un mecenado porteño para a cultura galega: A *Historia de Galiza* de Otero Pedrayo», en R. Farías (comp.), *Buenos Aires Gallega. Inmigración, pasado y presente*, Buenos Aires, Comisión para la Preservación del Patrimonio Histórico, 279-287.